

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión D.^a Elisa Pestonit Barreiros e D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XULLO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 26 de xullo de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 14 de xullo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de pais e nais para o

desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C). DOG núm. 142, do 27-07-2022.

- Orde de 28 de xullo de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 130/2022, de 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, destinadas a titulares de infraestruturas de uso público do medio natural dentro da Rede galega de espazos protexidos e reservas da biosfera afectadas polos incendios forestais, no ámbito da competencia desta consellería (código de procedemento administrativo MT100B). DOG núm. 144, do 29-07-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 22 ao 28 de xullo do 2022, que comezan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 1355/2022 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 1374/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1355/2022	22-07-2022	Nomeamento traballadora social interina
1356/2022	22-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de xullo de 2022
1357/2022	22-07-2022	Comisión servizos policía local JMFAS
1358/2022	22-07-2022	Aprobación admitidos campamento de verano 2022 (1ª e 2ª quenda)
1359/2022	22-07-2022	Expediente de transferencia de crédito 6/2022
1360/2022	22-07-2022	Solicitude son de bares 23/xullo/2022 cafetería Ribadín
1361/2022	26-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1362/2022	26-07-2022	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste de madeira co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar do Monte, Bribes. Solicitante: TdeE, S.A.
1363/2022	26-07-2022	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de tres postes de madeira co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar de Outeiro, Brexo. Solicitante: TdeE, S.A.
1364/2022	26-07-2022	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha cala na rúa Martín Códax, O Temple, na acometida de gas natural canalizado do edificio sito na rúa Estanque, 22. Solicitante: NG, S.A.
1365/2022	26-07-2022	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución de dous postes de madeira por postes de formigón no tendido telefónico existente no lugar de Penouviña, Cambre, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas. Solicitante: TdeE, SAU
1366/2022	26-07-2022	Comparecencia do Concello de Cambre ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo para postular a inadmisión do recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia

		contra a sentenza do TSXG do 18 de marzo de 2022, e adxudicación da asistencia letrada para tal fin
1367/2022	26-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1368/2022	26-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1369/2022	27-07-2022	Solicitud de subvención para auditorías municipais de abastecemento
1370/2022	27-07-2022	Permanencia servizo activo
1371/2022	27-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1372/2022	27-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1373/2022	28-07-2022	Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, do día 1 ao día 15 de agosto de 2022, ambos incluídos
1374/2022	28-07-2022	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao almacén de empresa de pinturas e revestimentos no baixo situado na rúa Ramón Cabanillas, parroquia do temple. Solicitante: DPS, S.L.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo